

## MEMORIA FUNCIONAL DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO (RPT) DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (Atriga)

A vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) foi aprobada mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de xuño de 2017 e publicada por Resolución do 9 de xuño de 2017 (DOG do 20 de xuño de 2017).

Posteriormente, foi modificada polas Resolucións do 30 de novembro de 2017 (DOG do 13 de decembro 2017), do 31 de xullo de 2020 (DOG do 11 de agosto de 2020) e do 26 de marzo de 2021 (DOG do 7 de abril de 2021).

No ano 2023, como consecuencia da regulación contida no artigo 60 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que dispuxo a asunción progresiva das funcións de recadación en período executivo en vía de constrinximento desempeñadas polas zonas de recadación, modificouse novamente a RPT da Atriga, en primeiro lugar, mediante a Resolución do 3 de marzo de 2023 (DOG do 9 de marzo de 2023) e, por último, pola Resolución do 7 de xullo de 2023 (DOG do 20 de xullo de 2023). Nese momento, as razóns foron adaptar a RPT á asunción, primeiro da Zona de Recadación de Ourense e, das Zonas de Recadación de A Coruña e Lugo, despois.

Xorde novamente a necesidade de modificar a RPT como consecuencia da asunción da Zona de Recadación de Vigo e, ao mesmo tempo, refórzanse os órganos de xestión tributaria das Delegacións de Lugo e Ourense, modifícase a forma de provisión de dúas prazas na esfera central pola especial responsabilidade na garantía da protección de datos sensibles e realízanse algunhas modificacións de denominación e de eliminación de unha observación que estaba incluída dun xeito transitorio.

As modificacións propostas toman como referencia o disposto nos seguintes artigos:

- O artigo 38 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, segundo





o que *"a través da respectiva relación de postos de traballo, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos"*.

- O artigo 69 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, que especifica que *"a planificación dos recursos humanos nas Administracións Públicas terá como obxectivo contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles mediante a dimensión axeitada dos seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade"*.

Nos seguintes apartados, expóñense, de xeito pormenorizado, as modificacións que se propoñen.

### **1.- Creación de prazas na Delegación da Atriga en Vigo. Modificación xerada como consecuencia dos artigos 59 e 60 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 248, do 30 de decembro de 2022)**

Na Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, en materia de xestión recadatoria, establécese a asunción progresiva das funcións de recadación en período executivo por parte da Atriga desempeñadas ata o momento da súa entrada en vigor, polas Zonas de Recadación reguladas no artigo 46 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997. Esa asunción producirase a medida que as persoas titulares das zonas cumpran 70 anos ou cesen por algunha das causas previstas na súa normativa e, en todo, caso a partir do 1 de xaneiro de 2026. Esta medida provocará maior eficiencia nas funcións de recadación das débedas en período executivo, xa que diminuirán os actuais custos de xestión e





aumentarán os ingresos tributarios provocado polas sinerxías da xestión centralizada dos expedientes, tales como a aplicación de modernas técnicas informáticas e de intelixencia artificial, o uso de programas informáticos centralizados que realizan tarefas de forma automatizada e o acceso global á información tributaria.

Así, o artigo 60.1 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que esta axencia "*asumirá progresivamente as funcións de recadación en período executivo en vía de constrinximento desempeñadas, no momento da entrada en vigor deste artigo, polas zonas de recadación reguladas no artigo 46 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997*".

O punto 2 do antedito artigo dispón que as zonas de recadación establecidas ao amparo do artigo 46.3 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, "*quedarán suprimidas o 1 de xaneiro de 2026, ou no momento anterior á indicada data no caso en que o recadador á fronte dalgunha das devanditas zonas cese no cargo por cumprimento dos 70 anos de idade, de acordo co establecido no artigo 16 do Decreto 51/2000, do 25 de febreiro, polo que se establece a organización recadatoria da Xunta de Galicia e o Estatuto dos recadadores de zona, ou por calquera do resto das causas establecidas nese artigo. No momento da supresión da correspondente zona as súas funcións serán asumidas pola Atriga*".

Pola súa parte, o punto 5 do artigo precitado, establece que a Atriga "*asumirá cos seus propios medios, mediante persoal funcionario, as funcións de recadación desempeñadas polas zonas de recadación, de acordo co establecido nesta disposición*".

As zonas de recadación teñen encomendada a recadación executiva das débedas correspondentes aos contribuíntes con domicilio fiscal no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, o que implica a notificación das providencias de constrinximento, ditado e notificación de dilixencias de embargo e trabas.

Debemos insistir no feito de que a supresión das Zonas de Recadación supón que a Atriga exerza as competencias; de xeito particular, os departamentos de Recadación das





delegacións, responsables da tramitación das competencias relativas á recadación voluntaria, a sinatura das providencias de constrinximento dos seus debedores, a resolución dos recursos de reposición, aprazamentos e fraccionamentos, aplicación de ingresos tributarios, etc. Os citados departamentos, polo tanto, verán incrementadas as súas funcións, pasando tamén a levar a cabo todas as actuacións materiais relativas á recadación executiva, razón pola que se fai necesaria a creación dunha unidade dependente dos devanditos departamentos de Recadación, que asumirá ditas actuacións.

Por conseguinte, asumir e exercer as funcións de recadación executiva por parte da Atriga supón a necesidade de acometer modificacións nos cadros de persoal para poder distribuír axeitadamente as cargas de traballo e aplicar con eficacia e eficiencia as novas actuacións.

A Zona de Recadación de Ourense quedou suprimida o 23 de marzo de 2023 e as Zonas de A Coruña e Lugo o 10 de setembro de 2023, datas nas que se produciu o cese do seu respectivo recadador por cumprir os 70 anos. En consecuencia, a Atriga veuse na obriga de levar a cabo as modificacións oportunas da RPT ao amparo da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, sendo publicadas mediante Resolución do 3 de marzo de 2023 (DOG núm. 48, do 9 de marzo) e Resolución do 7 de xullo de 2023 (DOG núm. 138, do 20 de xullo). Estas modificacións consistiron na creación de postos nos servizos centrais e nas Delegacións afectadas para dar cobertura á asunción das novas funcións de recadación de débedas en período executivo e as actuacións derivadas destas.

Como xa se sinalara na documentación xustificativa achegada nas modificacións anteriores, para a asunción das funcións na medida en que se supriman outras zonas de recadación cumpriría levar a cabo progresivamente novas modificacións na RPT que afectarían ás restantes delegacións da Atriga, e que se traducirían na dotación dos postos necesarios estimados en función da área xeográfica sobre a que repercuten e, por conseguinte, en función do número de contribuíntes afectados.





Na actualidade cómpre acometer a modificación dos postos de traballo da delegación da Atriga en Vigo, en tanto que, como consecuencia do disposto na citada Lei 7/2022, a Zona de Recadación de Vigo quedará suprimida o día 6 de setembro de 2024, data na que se producirá o cese do seu recadador por cumprir os 70 anos.

Para isto, terase en conta que cada Zona de Recadación está composta por un recadador e por persoal colaborador, no caso concreto da Zona de Vigo, conta con 4,25 efectivos ao compartir unha persoa para as tarefas informáticas con outras tres zonas máis.

Pola súa parte, a Delegación da Atriga en Vigo conta con seis efectivos no Departamento de Recadación (3 técnicos -1 xefatura de Departamento, 1 xefatura de Equipo e 1 posto base subgrupo A2- e 3 efectivos de corpos xerais).

Para desempeñar as novas funcións, propónse a dotación da Delegación de Vigo con tres (3) efectivos, dous (2) para o Departamento de Recadación e un (1) deles para reforzar as tarefas de notificacións e, polo tanto, dependente da persoa a cargo da Delegación.

O número de efectivos que se propón ven determinado polo volume da débeda cargada e de actuacións realizadas pola Zona de Recadación de Vigo, mantendo o criterio de reparto en función do domicilio fiscal do contribuínte. Lémbrese a relevancia de tomar en consideración a área xeográfica sobre a que repercute e, por conseguinte, o número de contribuíntes afectados.

Así, a media de providencias de constrinximento cargadas nos últimos catro anos á Zona de Vigo foi de 7.218, que xeraron 4.982 dilixencias de embargo e 13.737 notificacións.

Polo exposto, propónse a creación dunha (1) Xefatura de Equipo, de adscrición a persoal funcionario das escalas de finanzas, e dúas (2) xefaturas de Negociado Administrativo, de corpos xerais da Administración Xeral da Comunidade Autónoma, encadrados na área funcional tributaria, coas características que se describen a continuación:





CENTRO DE DESTINO: DELEGACIÓN DE VIGO								
CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PRO	CAT./CORPO	ADS. ADMIN	ÁREA FUNCIONAL	LIÑA
FC.A29.10.000.36560.011	Xefatura Negociado Administrativo I	A2C1C2	18	C	XERAL	AXG	TRI	3659
FC.A29.10.000.36560.260	Xefatura de Equipo	A1A2	25	C	XMF1/ XSF1	AXG		2571
FC.A29.10.000.36560.267	Xefatura Negociado Administrativo III	A2C1C2	18	C	XERAL	AXG	TRI	3659

*Nota explicativa: os códigos empregados neste cadro e nos seguintes teñen a seguinte descrición:*

*Códigos:*

*Código            Descrición do Corpo/Escala*  
*XSF1            Xeral. Esc. Superior Finanzas.*

*XMF1            Xeral. Esc. Técnica Finanzas*

*Código            Descrición Área Funcional*

*TRI            Tributaria*

Debemos concluír este apartado, manifestando que a asunción das funcións de recadación executiva pola Atriga suporá un importante impacto económico na administración galega, por unha banda, diminuíranse os actuais custos de xestión, pero por outra, incrementarase a eficacia na xestión recadatoria.

## **2.- Creación de postos e amortizacións**

Actualmente apreciouse a necesidade de reforzar os Departamentos de Xestión Tributaria, como consecuencia da modificación das funcións desenvolvidas neles. A situación apréciase dun xeito máis particular e perentorio nas Delegacións de menor dimesionamento, en concreto nas delegacións de Lugo e Ourense, sendo necesario ir dándolle solución dunha forma paulatina, de xeito que cando menos poda solucionarse algunha tensión posta de manifesto nestas dúas Delegacións.

Debe terse en conta que como consecuencia da evolución das tecnoloxías, mudaron as tarefas que se realizan no ámbito da xestión tributaria, diminuíndo as tarefas mecánicas de gravación de datos como consecuencia do aumento progresivo do número de autoliquidacións presentadas electronicamente, e, asumindo un maior peso novas funcións que exixen unha maior cualificación do persoal para o análise e a catalogación





dixital da documentación presentada xunto ás autoliquidacións. As novas tarefas son máis custosas que o que o eran antes da existencia do expediente electrónico, aínda que a presentación sexa electrónica, xa que a revisión e catalogación electrónica da documentación leva máis tempo que a recollida e apertura de expediente que se producía antes, que consistía en mecanizar datos, e exige un análise máis detallado da documentación. Por outro lado, o uso das novas tecnoloxías redonda nunha forma de desenvolver as labores de comprobación dos feitos impositivos que tamén demandan unha maior cualificación técnica. A posta en marcha do Departamento de Planificación do Control Tributario permitiu unha mellor selección dos obrigados tributarios e unha distribución deles entre os órganos de inspección e de xestión tributaria, incrementándose polo tanto, as actuacións de comprobación que exigen unha maior cualificación técnica e o acceso a bases de datos e información para a comprobación dos feitos impositivos.

É preciso neste intre, reforzar os Departamentos de Xestión Tributaria das Delegacións menores que é onde se aprecian máis as carencias, debido á necesidade dunha maior cualificación profesional, responsabilidade e experiencia en materia tributaria, o que, en consecuencia, supón a necesidade de crear postos de determinado nivel, de adscrición por persoal das escalas de finanzas, para levar a cabo de xeito óptimo o traballo a desenvolver.

Para posibilitar esta reorganización administrativa e diminuír o custe, propónse a amortización de dous postos base das escalas de finanzas; en concreto, un A1 nivel 20 na Delegación de Lugo e un A2 nivel 16, na Delegación de Ourense que actualmente están vacantes; deste xeito, co crédito liberado poderase cofinanciar o custo dos novos postos que se propoñen crear.

Concretamente, os postos vacantes afectados polas amortizacións son os seguintes:

- Delegación da Atriga en Lugo: Posto Base Subgrupo A1, nivel 20, de adscrición a persoal da escala superior de Finanzas, que dende o 15/11/1999, na extinta Dirección Xeral de Tributos e, posteriormente, na Atriga, dende o momento da





súa creación (2013), tan só estivo cuberto por un efectivo en calidade de persoal funcionario interino, quedando vacante o 1/01/2023, momento do seu cese como consecuencia da superación dun proceso selectivo.

- Delegación da Atriga en Ourense: Posto Base Subgrupo A2, nivel 16, de adscrición a persoal da escala técnica de Finanzas, que dende o 11/01/1999, na extinta Dirección Xeral de Tributos e, posteriormente, na Atriga, dende o momento da súa creación (2013), tan só estivo cuberto por persoal funcionario en prácticas e persoal interino, a ocupación estendeuse dende o 30/10/2008 ata o 9/10/2023, data de cese do persoal interino como consecuencia da superación dun proceso selectivo.

En ambos casosponse de manifesto que nin a través dos concursos de traslados convocados nin da adxudicación de postos a persoal de novo ingreso foi posible a cobertura dos postos con persoal funcionario de carreira. Por outra parte, a suba de nivel proposta ampliará o abanico de persoal funcionario de carreira que se postule para acceder a estes postos. En definitiva, esta medida permitirá incentivar ao persoal que desempeñe os postos, ao tempo que favorece a súa cobertura e permanencia.

#### a) CREACIÓN

Proponse a creación dos dous seguintes postos:

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV	TIPO POST	F. PROV	GR.	CAT./CORPO	ADS. ADMIN	LIÑA
DELEGACIÓN LUGO	FC.A29.10.000.27001.072	Xefatura de Unidade	26	N	C	A1	XSF1	AXG	9590
DELEGACION OURENSE	FC.A29.10.000.32001.089	Técnico/a Tributario/a Subgrupo A2	24	N	C	A2	XMF1	AXG	9591

A creación destes postos financiarase en parte co orzamento liberado pola amortización dos dous postos que se especifican na seguinte letra, un posto do subgrupo A1 e un posto do subgrupo A2.







## b) AMORTIZACIÓN

Propónse a amortización dos seguintes postos, actualmente vacantes:

	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIV	TIPO POST	F. PROV	GR.	CAT./CORPO	ADS. ADMIN	LIÑA
DELEGACIÓN LUGO	FC.A29.10.000.27001.009	Posto Base Subgrupo A1	20	N	C	A1	XSF1	AXG	350
DELEGACION OURENSE	FC.A29.10.000.32001.011	Posto Base Subgrupo A2	16	N	C	A2	XMF1	AXG	353

Debemos matizar que estas amortizacións que se propoñen fanse logo de valorar que non repercuten negativamente nin na prestación dos servizos públicos, nin na súa calidade, e teñen por obxecto o financiamento das necesidades de crédito xeradas e descritas na letra inmediata anterior.

### 3.- Modificación da denominación de postos de traballo xefaturas de Negociado

Nas derradeiras modificacións de RPT levadas a cabo e na que agora se propón, os postos de traballo *Xefatura de Negociado* mudaron a súa denominación por *Xefatura de Negociado Administrativo* seguido do cardinal correspondente.

Co fin de unificar a denominación de todos os postos de traballo *Xefatura de Negociado* da Atriga, propónse renomear estes postos, adoptando o criterio antes referido; isto é pasarán de *Xefatura de Negociado* a *Xefatura de Negociado Administrativo* seguido do cardinal correspondente, segundo figura recollido no listado de equivalencias que se acompaña xunto con esta memoria.

Esta modificación non afectará á ocupación actual dos postos nin ás súas características, nin tampouco supón custe algún.

### 4.- Modificacións da forma de provisión de dous postos de traballo

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia establece no artigo 91 que as





xeaturas de servizo ou os postos de nivel equivalente proveranse mediante concurso específico, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

Así tamén, no seu artigo 92 dispón que, excepcionalmente, se poden prover polo procedemento de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario aqueloutros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen nas relacións de postos de traballo.

En aplicación dos preceptos da citada Lei 2/2015, a Dirección Xeral da Función Pública ditou a Resolución do 25 de febreiro de 2016, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 44, do 4 de marzo de 2016).

Na estrutura da Atriga hai, entre outros, os seguintes dous postos de nivel 28:

- *Departamento de Planificación do control tributario*, que está adscrito á Área de Inspección Tributaria e que exercerá, entre outras, as seguintes funcións:
  - a) A planificación xeral das actuacións de control tributario que desenvolverán as diferentes áreas da Axencia con competencia en control tributario.
  - b) A elaboración do proxecto do Plan de control tributario que deberá aprobar a Dirección da Axencia.
  - c) O estudo das diferentes áreas de risco para a detección da fraude fiscal ao obxecto da planificación do control tributario.
  - d) O estudo e análise dos resultados obtidos nas actuacións de control
- *Departamento de Auditoría e Calidade*, este está adscrito á Área de Coordinación, Xestión Económica e Asuntos Xerais, e exercerá, entre outras, as seguintes funcións:





- a) Coordinar a elaboración da proposta de contrato plurianual de acción e do informe xeral anual de actividade.
- b) Supervisar o funcionamento interno da Axencia Tributaria, mediante a inspección das actuacións das unidades centrais, das delegacións e de calquera outra organización que preste servizos propios da Axencia.
- c) O control da eficacia e eficiencia mediante a análise do grao de obtención dos obxectivos fixados no plan de acción anual, en coordinación coa Comisión de Control.
- d) Promover a implantación de programas de calidade e avaliar os resultados obtidos.
- e) A coordinación co centro informático competente, para o desenvolvemento e implementación dos sistemas de análise da información.
- f) A tramitación e seguimento das queixas e suxestións dos cidadáns dirixidas á Axencia Tributaria de Galicia.

Estes dous postos están actualmente configurados para seren cubertos mediante concurso específico, como o resto dos postos de traballo de nivel 28.

Mediante a modificación da RPT propoñemos cambiar a forma de provisión destes dous postos adscritos aos servizos centrais da Atriga, pasando de concurso específico a libre designación, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ás súas características.

Son as funcións destes postos as que revelan a necesidade desta configuración. E isto porque evidencian o cumprimento dalgún dos criterios de excepcionalidade recollidos na Resolución do 25 de febreiro de 2016 citada con anterioridade.

Neles concorre a atribución de especial responsabilidade por garantir o adecuado exercicio de autoridade e/ou inspección administrativa da Xunta de Galicia, manifestada na realización de funcións de avaliación, auditoría e investigación do funcionamento dos servizos públicos, así como a especial responsabilidade por garantir a protección de





datos persoais derivada da xestión de información especialmente sensible, para a que cómpre extremar a confidencialidade e discreción no tratamento da información e para as que deben implantarse medidas de seguridade de nivel medio e alto, consonte co establecido no apartado 5, especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais, da instrución cuarta da Resolución do 25 de febreiro de 2016 precitada, en relación coa "clasificación establecida nos puntos 2 e 3 do artigo 81 do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal aprobado polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro".

Propónse a modificación destes postos nos termos descritos no cadro que se transcribe a continuación:

CENTRO DE DESTINO: SSCC								
CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PRO	CAT./CORPO	ADS. ADMIN	ÁREA FUNCIONAL	LIÑA
FC.A20.00.001.15770.014	Xefatura Departamento Planificación Control Tributario	A1A2	28	LD	XMF1/XSF1	AXG		390
FC.A20.00.005.15770.005	Xefatura Departamento Auditoría e Calidade	A1A2	28	LD	XMF1/XSF1	AXG		390

Esta modificación non afectará á ocupación actual dos postos, nin tampouco supón custe algún.

### 5.- Modificación do complemento específico

Mediante a Resolución do 3 de xuño de 2016 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de xuño de 2016 (DOG núm. 110, do 10 de xuño de 2016), apróbase a modificación do complemento específico (código E29) consistente na eliminación do complemento informático daqueles postos nivel 18 que o posúan, unha vez que sexan vacantes. Entre os postos destas características atópase o posto denominado *Unidade de Apoio Administrativo*, co código FC.A29.10.000.36001.007.





A persoa titular deste posto xubilouse recentemente. Por conseguinte, como consecuencia da xubilación dela, procede facer efectiva a previsión prevista na antedita *Resolución*.

Elimínase, por tanto, a observación "*Cando sexa vacante específico xeneralizado correspondente ao nivel do posto*", pasando a ter o posto o complemento específico xeneralizado.

A pretensión da Atriga coa modificación da RPT explicada nesta memoria é optimizar os recursos públicos co fin de lograr unha mellor eficacia na súa xestión.

Asinado de forma electrónica en Santiago de Compostela

A directora



Ref.305.24.1/ppvp

## **Informe sobre a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Axencia Tributaria de Galicia**

O 11/06/2024 tivo entrada na Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico o informe proposta da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal de modificación da relación de postos de traballo da Axencia Tributaria de Galicia

Atendendo a documentación recibida, esta Dirección Xeral emite o seguinte:

### **INFORME**

#### **PRIMEIRO.** Obxecto

No ano 2023, como consecuencia da regulación contida no artigo 60 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispúxose a asunción progresiva das funcións de recadación en período executivo en vía de constrinximento desempeñadas polas zonas de recadación.

Xorde a necesidade de modificar a RPT como consecuencia da asunción da Zona de Recadación de Vigo e, ao mesmo tempo, refórzanse os órganos de xestión tributaria das Delegacións de Lugo e Ourense

#### **SEGUNDO.** Modificacións propostas

##### **1. Creacións:**

Delegación da Atriga en Vigo. Para desempeñar as novas funcións, propónse a dotación da Delegación de Vigo con tres (3) efectivos, dous (2) para o Departamento de Recadación e un (1) deles para reforzar as tarefas de notificacións. Créanse: unha Xefatura de Equipo (A1-25), 2 Xefaturas de Negociado Administrativo (A2-18)

Delegación da Atriga en Lugo créase unha xefatura de unidade (A1-26)

Delegación da Atriga en Ourense créase un técnico/a tributario/a (A2-24)

O custo das creacións, custos sociais incluídos, ascende a **236.083,27€**



## 2. Amortizacións.

Na Delegación da Atriga en Lugo amortízase un posto base Subrupa A1 (A1-20)

Na Delegación da Atriga en Ourense amortízase un posto base Subrupa A2 (A2-16)

O custo das amortizacións, custos sociais incluídos, ascende a **79.581,44€**

## 3. Modificacións.

No posto *Unidade de Apoio Administrativo*, código FC.A29.10.000.36001.007, como consecuencia da eliminación do complemento informático, o complemento específico pasa de 12.444,21 € anuais a 9.868,84€ anuais, producindo un aforro de **2.575,36€**.

### TERCEIRO. Financiamento

A diferenza entre as creacións e a suma das amortizacións e do aforro derivado da modificación do complemento específico, ascende a **153.926,47 euros**, que será financiado co aforro derivado da asunción das competencias das zonas de recadación.

### CUARTO. Sentido do informe

Á vista de todo o anterior, esta Dirección Xeral no exercicio da competencia que lle atribúe o artigo 11 do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, e, en aplicación dos artigos 3 e 7 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, **informa favorablemente** a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Axencia Tributaria de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital deste momento,

O director xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico  
Arturo López Iglesias

DIRECCIÓN XERAL DO EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL

[DX de Orzamentos e Financiamento Autonómico](https://sede.xunta.gal/cve)  
Edificios administrativos San Caetano, Bloque 3  
15781 Santiago de Compostela, A Coruña  
Tlfno.: 981 54 51 10 – Fax.: 981 54 51 94  
[dx.planificacion.orzamentos.facenda@xunta.gal](mailto:dx.planificacion.orzamentos.facenda@xunta.gal)



## MEMORIA ECONÓMICO-FINANCIERA DA PROPOSTA DE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (Atriga)

Na proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) da Atriga, ademais de modificacións sen repercusión económica, inclúense varios postos de nova creación que incrementan o gasto e que se financian co aforro dos créditos destinados ao pago dos costes de funcionamento das Zonas de Recadación, coas dotacións incluídas nos respectivos orzamentos e coa amortización de postos incluídos na RPT vixente, tal e como se detalla nos distintos apartados desta memoria.

Para a valoración dos postos de adscrición a persoal funcionario que se crean e se amortizan inclúense o IPC e a cota patronal, non se inclúe ningún importe de trienios; os postos a amortizar valóranse polo importe da liña á que está asociado o posto e as creacións valóranse polo importe correspondente ao subgrupo máis alto ao que está aberto o posto, e, así mesmo, inclúense as liñas orzamentarias dos postos que se amortizan e as liñas orzamentarias correspondentes aos postos que se crean.

### I.- GASTO XERADO

A repercusión económica en cómputo anual para facer fronte á creación de postos que se propón, estímase nun custo de douscentos trinta e seis mil oitenta e tres euros con vinte e seis céntimos **(236.083,26€)**, de acordo co establecido na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.







## Creacións

CREACIÓNS PERSOAL FUNCIONARIO						
DELEGACIÓN DA ATRIGA EN VIGO						
CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	LIÑA	APLICACIÓN	DOT. ORZ.	CUSTO ORZ
FC.A29.10.000.36560.011	Xefatura Negociado Administrativo I	18	3659	07.A2.621A	A2	38.084,43
FC.A29.10.000.36560.260	Xefatura de Equipo	25	2571	07.A2.621A	A1	53.764,18
FC.A29.10.000.36560.267	Xefatura Negociado Administrativo III	18	3659	07.A2.621A	A2	38.084,43
SUBTOTAL CREACIÓNs						129.933,04
DELEGACIÓN DA ATRIGA EN LUGO						
CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	LIÑA	APLICACIÓN	DOT. ORZ.	CUSTO ORZ
FC.A29.10.000.27001.072	Xefatura de Unidade	26	9590	07.A2.621A	A1	57.597,36
SUBTOTAL CREACIÓNs						57.597,36
DELEGACIÓN DA ATRIGA EN OURENSE						
CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	LIÑA	APLICACIÓN	DOT. ORZ.	CUSTO ORZ
FC.A29.10.000.32001.089	Técnico/a Tributario/a Subgrupo A2	24	9591	07.A2.621A	A2	48.552,86
SUBTOTAL CREACIÓNs						48.552,86
TOTAL CREACIÓNs PERSOAL FUNCIONARIO						236.083,26

## II.- FINANCIAMENTO DO GASTO

### II.1.- Aforro dos créditos destinados ao pago dos costes de funcionamento das Zonas de Recadación

Segundo o disposto na Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, en materia de xestión recadatoria, establécese a asunción progresiva das funcións de recadación en período executivo por parte da Axencia Tributaria de Galicia desempeñadas ata o momento polas zonas de recadación,





reguladas no artigo 46 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997. Esa asunción producírase a medida que os titulares das zonas se xubilen ou cesen por algunha das causas previstas na súa normativa, e en todo caso a partir do 1 de xaneiro de 2026.

Esta asunción progresiva ten incidencia directa na facturación dos servizos prestados polas zonas, polo que, na medida en que se vaian asumindo as súas competencias no período 2023/2025, irá diminuindo o gasto imputable a "premios de cobranza" na aplicación 07 A2 621A 227.08, implicando, polo tanto, unha menor necesidade do devandito crédito.

En marzo de 2023, realizouse a primeira modificación de RPT pertinente como consecuencia da asunción das tarefas que ata o de agora viña a desempeñar a Zona de Recadación de Ourense, véndose afectados postos dos servizos centrais e da Delegación de Ourense da Atriga. A modificación da RPT abordada nese momento, tivo un custo en cómputo anual de 503.417,14 €.

A partir de setembro de 2023, tivo efecto a segunda modificación xerada pola asunción das zonas de Recadación de A Coruña e Lugo, afectando ás Delegacións de A Coruña e Lugo, o que supuxo un custo en cómputo anual de 348.316,85€.

A partir do 06/09/2024 asumírase a **zona de Recadación de Vigo**, data do cese da actividade do titular desta zona, razón pola que cómpre levar a cabo unha terceira modificación que afectará á Delegación de Vigo.

A modificación que se propón, tal e como se xustifica no apartado anterior ascende en cómputo anual a 236.083,26 €.

Por contraposición, a minoración de custes pola retribución dos recadadores, ascenderá para o exercicio 2024, consolidando os datos das catro zonas (Ourense, A Coruña, Lugo e Vigo), a 1.424.461,28€. O cómputo anterior calculado para un exercicio completo (2025) acadaría a cifra de 1.817.591,39€.





## II.2. Postos que existen na vixente RPT e se amortizan

AMORTIZACIÓNS						
DELEGACIÓN DA ATRIGA EN LUGO						
CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	LIÑA	APLICACIÓN	DOT. ORZ.	CUSTO ORZ
FC.A29.10.000.27001.009	Posto Base Subgrupo A1	20	350	07.A2.621A	A1	42.751,53
SUBTOTAL AMORTIZACIÓNS						42.751,53
DELEGACIÓN DA ATRIGA EN OURENSE						
CÓDIGO POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	LIÑA	APLICACIÓN	DOT. ORZ.	CUSTO ORZ
FC.A29.10.000.32001.011	Posto Base Subgrupo A2	16	353	07.A2.621A	A2	36.829,91
SUBTOTAL AMORTIZACIÓNS						36.829,91
TOTAL AMORTIZACIÓNS						79.581,44

## II.3. Postos nos que se elimina a observación "Cando sexa vacante específico nivel 18 xeneralizado".

No seguinte posto de traballo elimínase a observación "Cando sexa vacante específico xeneralizado correspondente ao nivel do posto", pasando de ter como complemento específico 9.536,38 € anuais a ter 7.562,80 € (sen IPC e cota patronal):

- *Unidade de Apoio Administrativo*, código FC.A29.10.000.36001.007

O crédito liberado procedente deste apartado ascende a **2.575,36 €** (IPC e cota patronal incluídos) en cómputo anual.

## III. CONCLUSIÓN

O custo total anual dos postos que se detallan no apartado I é de **236.083,26 €**.

O crédito procedente das amortizacións e eliminación da observación referidos nos apartados II.2. e II.3 respectivamente é en cómputo anual de **82.156,80€**.





Da diferenza entre os apartados resulta un **déficit de crédito de -153.926,46€**, que será financiado co aforro derivado da asunción das competencias das zonas de Recadación.

#### TOTAL MODIFICACIÓN

MODIFICACIÓN	IMPACTO	
	ECONÓMICO	IMPORTE
Creación de 1 posto Xefatura de Equipo (FC.A29.10.000.36560.260) na Delegación da Atriga en Vigo (A1, NIVEL 25)	SI	-53.764,18
Creación de 2 postos Xefatura de Negociado (FC.A29.10.000.36560.011, FC.A29.10.000.36560.267) na Delegación da Atriga en Vigo (A2, NIVEL 18)	SI	-76.168,86
Creación de 1 posto Xefatura de Unidade (FC.A29.10.000.27001.072), na Delegación da Atriga en Lugo (A1, NIVEL 26)	SI	-57.597,36
Creación de 1 posto Técnico/a Tributario/a Subgrupo A2 (FC.A29.10.000.32001.089), na Delegación da Atriga en Ourense (A2, NIVEL 24)	SI	-48.552,86
Amortización do Posto Base Subgrupo A1 (FC.A29.10.000.27001.009), na Delegación da Atriga de Lugo (A1 NIVEL 20)	SI	42.751,53
Amortización do Posto Base Subgrupo A2 (FC.A29.10.000.32001.011), na Delegación da Atriga de Ourense (A2, NIVEL 16)	SI	36.829,91
Modificación denominación Xefaturas de Negociado	NON	
Modificación forma de provisión	NON	
Específico xeneralizado nivel 18	SI	2.575,36
REMANENTE		-153.926,46

En definitiva, do exposto, dedúcese que o aforro en cómputo anual da asunción das competencias das zonas de Recadación de A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo, ascendería a 1.817.591,39 €, que financiaría por si mesma as modificacións realizadas na RPT da Atriga (851.733,99) e máis a presente proposta (153.926,46 €).

Asinado de forma electrónica en Santiago de Compostela

A directora



## **MEMORIA FUNCIONAL COMPLEMENTARIA DA MEMORIA FUNCIONAL DO 31 DE MAIO DE 2024 DA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (Atriga)**

Celebrada a Mesa previa de negociación entre os representantes da Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) e as persoas representantes das organizacións sindicais con representación na Mesa Sectorial de Funcionarios Públicos, oídas as observacións feitas polas persoas representantes e unha vez estudadas e analizadas, reconsideramos a proposta incluída no punto 4 da memoria funcional de modificar a forma de cobertura do posto denominado Departamento de Auditoría e Calidade mantendo, polo tanto, a súa forma de provisión mediante concurso específico.

Asinado de forma electrónica en Santiago de Compostela

A directora





## INFORME SOBRE PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA

### Antecedentes

#### Único.- Solicitud de tramitación da modificación de RPT

Esta dirección xeral, o 03.06.2024, recibe da Dirección da Axencia Tributaria de Galicia solicitude de informe de modificación da relación de postos de traballo da axencia.

Xunto coa petición de informe achegan a seguinte documentación:

- Listaxe de equivalencias
- Anexo postos a amortizar
- Anexo postos creados
- Anexo de postos modificados
- Memoria funcional
- Memoria económica
- Acta de negociación da axencia coas OOSS, celebrada o 29.05.2024

Posteriormente achegan memoria funcional complementaria de data 10.06.2024

Non consta o informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, de conformidade co disposto no artigo 14.2.C.c) do *Decreto 141/2024, do 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública* (DOG núm. 101, do 27/05/2024).

Unha vez analizada a documentación e de conformidade co establecido no artigo 13.2.o) do Decreto 141/2024, do 27 de maio, esta Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal emite o seguinte,

### INFORME

#### Primeiro.- Estrutura orgánica da Xunta de Galicia

O Decreto 42/2024, do 14 de abril, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril) tendo en conta os criterios de eficacia e economía que deben inspirar a actuación e a organización administrativa. Este decreto establece que a Xunta de Galicia estará integrada polas seguintes vicepresidencias e consellerías:





- Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
- Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.
- Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- Consellería de Política Social e Igualdade.
- Consellería de Economía e Industria.
- Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.
- Consellería de Sanidade.
- Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.
- Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- Consellería do Medio Rural.
- Consellería do Mar.

## Segundo.- Estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, fixou a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, do 24 de abril).

Este decreto, no seu artigo 6, establece que a **Consellería de Facenda e Administración Pública** estrutúrase nos seguintes órganos de dirección:

1. Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro.
2. Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico.
3. Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos.
4. Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.
5. Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.
6. Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, con rango de secretaria xeral.

b) Quedan adscritos a esta consellería:

1. O organismo autónomo Instituto Galego de Estatística.
2. O organismo autónomo Escola Galega de Administración Pública.
3. A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
4. **A Axencia Tributaria de Galicia.**
5. O Consello Económico e Social, ente institucional de dereito público, órgano consultivo creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño.
6. O Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia, creado pola disposición derradeira segunda da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.





### Terceiro.- Estrutura orgánica da consellería

A actual estrutura orgánica da consellería está establecida no *Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública* (DOG núm. 101, do 27/05/2024).

### Cuarto. A Axencia Tributaria de Galicia

A Axencia Tributaria de Galicia é unha axencia pública autonómica das previstas e reguladas na *Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*. Ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, dispón de patrimonio e tesouraría propios e autonomía funcional, financeira e de xestión para o cumprimento dos seus fins dentro dos límites establecidos polas leis. A sede institucional é en Santiago de Compostela

Foi creada polo *Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto* (DOG núm. 201, do 22 de outubro). Posteriormente foi modificado polo *Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda* (DOG núm. 64, do 31 de marzo)

A axencia estrutúrase nas seguintes áreas e departamentos por razón da materia e en función dos distintos ámbitos de actuación, así como en unidades centrais e delegación:

a) **Área de Colaboración Social, Información e Asistencia**, coas seguintes unidades:

- Departamento Central de Estudos, Información e Asistencia
- O Departamento de Colaboración Social e Administrativa

b) **Área de Xestión Tributaria**, coas seguintes unidades:

- Departamento Central de Xestión Tributaria
- Departamento de Tributos de Xestión Centralizada

c) **Área de Inspección Tributaria**, coas seguintes unidades:

- Departamento de Inspección Tributaria
- Departamento Central de Valoracións
- Dpto. de Planificación do Control Tributario







d) **Área de Recadación**, coa seguinte unidade:

- Departamento Central de Recadación

e) **Área de Coordinación, Xestión Económica e Asuntos Xerais**, coas seguintes unidades:

- Departamento de Recursos Humanos e Réxime Interior.
- Departamento de Xestión Económico-Financeira, Orzamentaria e Contable.
- Departamento de Auditoría e Calidade.

Adscrita organicamente á Dirección existe a Asesoría Xurídica da Axencia Tributaria de Galicia, que dependerá funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia.

Delegacións da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, que contan coas seguintes unidades:

- Departamento de Información e Asistencia
- Departamento de Xestión Tributaria
- Departamento de Recadación
- Unidades de Inspección Tributaria
- Unidades de Valoración Inmobiliaria

### Quinto.- A relación de postos de traballo

A vixente relación de postos de traballo da Axencia Tributaria de Galicia foi **aprobada** por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de xuño de 2017 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Axencia Tributaria de Galicia (DOG núm. 116, do 20 de xuño):

Posteriormente foi **modificada** por:

- Resolución do 30 de novembro de 2017 pola que se publica a modificación da relación de postos de traballo da Axencia Tributaria de Galicia, en aplicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de xuño de 2017 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Axencia Tributaria de Galicia (DOG núm. 235, do 13 de decembro).





- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de xullo de 2020 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Axencia Tributaria de Galicia. (DOG núm. 160, do 11 de agosto).
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de marzo de 2021 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Axencia Tributaria de Galicia (DOG núm. 64, do 7 de abril).
- Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de marzo de 2023 polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Axencia Tributaria de Galicia (DOG nº 48 do 9 de marzo).

## Sexto.- Obxecto do informe

- **Sexto.1**

O obxecto do presente informe é a creación, modificación e amortización de postos de traballo da Axencia Tributaria de Galicia como consecuencia das modificacións derivadas da **Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 248, do 30 de decembro de 2022)**.

Esta lei recolle a asunción progresiva das funcións de recadación en período executivo por parte da Axencia Tributaria de Galicia desempeñadas ata o momento polas Zonas de Recadación. Esta asunción producirase a medida que os titulares das zonas se xubilen ou cesen por algunha das causas previstas na súa normativa e, en todo caso, a partir do 1 de xaneiro de 2026; data nas que as zonas de recadación establecidas ao amparo do artigo 46.3 da **Lei 11/1996, do 30 de decembro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 1997 quedarán suprimidas**.

A **Zona de Recadación de Ourense** quedou suprimida o 23.03.2023 e as Zonas de A Coruña e Lugo o 10.09.2023, datas nas que se produciu o cese do seu respectivo recadador ao cumprir os 70 anos. A partir desta data a axencia acometeu a primeira modificación da RPT xerada ao amparo da **Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas** sendo aprobada por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de marzo de 2023 e por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 6 de xullo de 2023. Estas modificacións consistiron na creación de postos nos servizos centrais e nas delegacións afectadas para dar cobertura á asunción das novas funcións de recadación de débedas en período executivo e as actuacións derivadas destas.





A medida en que se vaian suprimindo outras zonas de recadación, cómpre levar a cabo as modificacións das restantes delegacións da Atriga, consistentes na creación dunha unidade de recadación dependente dos seus departamentos de recadación; unidade dotada dos postos necesarios en función da área xeográfica e número de contribuíntes afectados

O 06.09.2024 producirase o cesamento, por acadar a idade de 70 anos, o recadador da **Zona de Recadación de Vigo**, polo que, resulta necesario, acometer a modificación de postos de traballo da Axencia Tributaria de Galicia coa dotación dos postos correspondentes.

- **Sexto.2**

Tamén é obxecto do presente informe a modificación da forma de provisión (de concurso específico a libre designación) de dous postos de traballo e algúns cambios de denominación de outros, así como a eliminación dunha observación que estaba incluída dun xeito transitorio.

### Sétimo. Amortizacións, creacións, modificacións

- **Sétimo 1. Amortizacións**

Propoñen a amortización dos seguintes **2 postos de traballo vacantes sen ocupación:**

UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO SUBG.	NIVEL
<b>DELEGACIÓN DE LUGO</b>				
<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Axencia Tributaria de Galicia (Servizos Periféricos)</b></li></ul>	FC.A29.10.000.27001.009	POSTO BASE SUBGRUPO A1	A1	20
<b>DELEGACIÓN DE OURENSE</b>				
<ul style="list-style-type: none"><li>• <b>Axencia Tributaria de Galicia (Servizos Periféricos)</b></li></ul>	FC.A29.10.000.32001.011	POSTO BASE SUBGRUPO A2	A2	16





• **Sétimo 2. Creacións**

Propoñen a creación dos seguintes **5 postos de traballo**:

UNIDADE ADMINISTRATIVA	DENOMINACIÓN POSTO	NIVEL	GRUPO/SUBGRUPO (F. PROVISIÓN)	CORPO/ ESCALA (ÁREA FUNC.)	ADSCRICIÓN ADMÓN. PÚBLICA
DELEGACIÓN DE VIGO	XEFATURA NEGOCIADO ADMINISTRATIVO I FC.A29.10.000.36560.011	18	A2-C1-C2 (C)	XERAL (TRI)	AXG
	XEFATURA EQUIPO FC.A29.10.000.36560.260	25	A1-A2 (C)	XMF1/XSF1	AXG
	XEFATURA NEGOCIADO ADMINISTRATIVO III FC.A29.10.000.36560.267	18	A2-C1-C2 (C)	XERAL (TRI)	AXG
DELEGACIÓN DE LUGO	XEFATURA DE UNIDADE FC.A29.10.000.27001.072	26	A1 (C)	XSF1	AXG
DELEGACIÓN DE OURENSE	TÉCNICO/A TRIBUTARIO/A SUBGRUPO A2 FC.A29.10.000.32001.089	24	A2 (C)	XMF1	AXG

**CÓDIGOS-DESCRICIÓN**

- C CONCURSO
- CE CONCURSO ESPECÍFICO
- XMF1 XERAL (ESC. TÉC. FINANZAS, ESPECIALID. INSPEC. E XESTIÓN FINANC. E TRIBUT.)
- XSF1 XERAL (ESC. SUP. FINANZAS, ESPECIALID. INSPEC. E XESTIÓN FINANC. E TRIBUT.)
- AXG ADSCRICIÓN EXCLUSIVA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA.
- TRI TRIBUTARIA

• **Sétimo 3. Modificacións**

Co fin de unificar a denominación de postos de traballo de "Xefatura de Negociado", propoñen modificar a denominación destes postos, pasando a "Xefatura de Negociado Administrativo" seguido do número ordinal correspondente.

Esta modificación non afecta á ocupación actual dos postos nin ás restantes características.

**Oitavo. Postos de libre designación**

O artigo 92 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece que soamente se poderán cubrir polo sistema de libre designación con convocatoria pública entre persoal funcionario de carreira as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais ou equivalentes, as secretarías de altos cargos e,





excepcionalmente, aquel outros postos de traballo de especial responsabilidade ou cualificación profesional que se determinen las relacións de postos de traballo.

Así mesmo, o artigo 91 de dita norma, establece que as xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente proveranse mediante concurso específico, agás aqueles que, polas súas especiais características, deban proverse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

Esta proposta, recolle a modificación da forma de provisión dun posto de traballo pasando **de concurso específico a libre designación**, o posto é o seguinte:

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PROV	CAT./CORPO	ADS. ADMIN
FC.A20.00.001.15770.014	Xefatura Departamento Planificación Control Tributario	A1 A2	28	LD	XMFI/ XSF1	AXG

As excepcións para a cobertura de postos de traballo polo sistema de libre designación están determinadas polas funcións que desenvolven que evidencian o cumprimento dalgún dos criterios ou atribucións dos recollidos na *Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.*

A Axencia Tributaria de Galicia xustifica este cambio no sistema de provisión en que *"concorre a atribución de especial responsabilidade por garantir o adecuado exercicio de autoridade e/ou inspección administrativa da Xunta de Galicia, manifestada na realización de funcións de avaliación, auditoría e investigación do funcionamento dos servizos públicos, así como a especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais derivada da xestión de información especialmente sensible, para a que cómpre extremar a confidencialidade e discreción no tratamento da información e para as que deben implantarse medidas de seguridade de nivel medio e alto, consonte co establecido no apartado 5, especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais, da instrución cuarta da Resolución do 25 de febreiro de 2016 precitada, en relación coa clasificación establecida nos puntos 2 e 3 do artigo 81 do Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal aprobado polo Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro"*.





- **Xefatura Departamento Planificación Control Tributario**

O Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda engadiu o punto 2.3 ao artigo 24 do estatuto da Axencia Tributaria de Galicia, aprobado polo Decreto 202/2012, do 18 de outubro, **recollendo as seguintes funcións do Departamento de Planificación do Control Tributario:**

"a) A planificación xeral das actuacións de control tributario que desenvolverán as diferentes áreas da Axencia con competencia en control tributario.

b) A elaboración do proxecto do Plan de control tributario que deberá aprobar a Dirección da Axencia.

c) O estudo das diferentes áreas de risco para a detección da fraude fiscal ao obxecto da planificación do control tributario.

d) O estudo e análise dos resultados obtidos nas actuacións de control"

En relación a este posto de **Departamento de Planificación do Control Tributario**, vista a xustificación correspondente na memoria funcional e a normativa indicada, esta dirección xeral considera xustificada a cobertura polo sistema de libre designación segundo o criterio de excepcionalidade recollido na instrución cuarta, punto 3, da Resolución do 25 de febreiro de 2016: "**Especial responsabilidade por garantir o adecuado exercicio de autoridade e/ou inspección administrativa da Xunta de Galicia. A especial responsabilidade está en razón de ser garante do exercicio dos dereitos e deberes da cidadanía**".

Código do posto	Denominación	Criterio
FC.A20.00.001.15770.014	Xefatura Departamento Planificación Control Tributario	Especial responsabilidade por garantir o adecuado exercicio de autoridade e/ou inspección administrativa da Xunta de Galicia.

**Indicar que en relación á xustificación de "especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais derivada da xestión de información especialmente sensible, para a que cómpre extremar a confidencialidade e discreción no tratamento da información e para as que deben implantarse medidas de seguridade de nivel medio e alto, cómpre ter en conta o recollido no artigo 74.ñ da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia,** sobre os deberes e código de conduta dos empregados públicos no ámbito de aplicación desta lei o Gardar segredo sobre as materias clasificadas e as demais de difusión prohibida legalmente, e manter a





debida discreción sobre aqueles asuntos que coñezan por razón do seu cargo, o que implica non facer uso da información obtida para beneficio propio ou de terceiros, ou en prexuízo do interese público”.

## Conclusión

De conformidade co exposto, e consideradas as xustificacións organizativas e funcionais contidas na proposta, esta dirección xeral, **INFORMA FAVORABLEMENTE** á proposta de modificación da relación de postos de traballo da **Axencia Tributaria de Galicia**, procedendo a sometela ao preceptivo informe da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico.

Incorporamos a este informe o anexo de RPT.

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.

Nuria Aguilar Vázquez





O 1 de maio de 2024 ten entrada neste centro directivo un escrito da Dirección da Axencia Tributaria de Galicia (en diante, Atriga), da Consellería de Facenda e Administración Pública, no que se solicita o informe preceptivo desta dirección xeral en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante, RPT) da devandita Axencia.

A proposta de modificación acompáñase da seguinte documentación:

- Memoria funcional
- Memoria económica
- RPT proposta
- Anexo postos amortizados
- Anexo postos creados
- Acta de reunión coas organizacións sindicais

Atendendo á solicitude formulada, así como en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, en concordancia co artigo 14 do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, desde a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) emítese o seguinte

## INFORME

### PRIMEIRO. Fundamentos xurídicos

As modificacións propostas relativas a postos de traballo de persoal funcionario da Axencia Tributaria de Galicia están baseadas no establecido nos artigo 60 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, que establece a asunción progresiva, por parte da Axencia Tributaria de Galicia, das funcións de recadación en período executivo en vía de constrinximento desempeñadas ata o momento da entrada en vigor deste artigo polas zonas de recadación reguladas no artigo 46.3 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 1997. Esta asunción producirase a medida que os titulares das zonas se xubilen ou







cesen por algunha das causas previstas na súa normativa, e en todo caso, a partir do 1 de xaneiro de 2026.

## SEGUNDO. Obxecto

A proposta de modificación de RPT que se somete ao informe da DXSAP, en síntese, realízase polos seguintes motivos:

- a) Asumir a actividade da Zona de Recadación de Vigo.
- b) Reforzar os órganos de xestión tributaria das delegacións de Lugo e Ourense.
- c) Modificar a forma de provisión de dúas prazas, modificar varias denominacións e eliminar unha observación.

## TERCEIRO. Proposta

As principais cuestións a destacar da proposta que se informa son as seguintes:

- a) Creacións de cinco postos de traballo de persoal funcionario:
  1. Creación de tres postos de traballo na Delegación da Atriga en Vigo:

CENTRO DE DESTINO: DELEGACIÓN DE VIGO								
CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PRO	CAT./CORPO	ADS. ADMIN	ÁREA FUNCIONAL	LIÑA
FC.A29.10.000.36560.011	Xefatura Negociado Administrativo I	A2C1C2	18	C	XERAL	AXG	TRI	3659
FC.A29.10.000.36560.260	Xefatura de Equipo	A1A2	25	C	XMF1/ XSF1	AXG		2571
FC.A29.10.000.36560.267	Xefatura Negociado Administrativo III	A2C1C2	18	C	XERAL	AXG	TRI	3659

Como consecuencia do disposto no artigo 60 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, a zona de recadación de Vigo quedará suprimida o 6 de setembro de 2024 por cesamento do seu recadador ao facer setenta anos nesa data. A Atriga asumirá cos seus propios medios, mediante persoal funcionario, as funcións de recadación desempeñadas polas zonas de recadación, de acordo co establecido nesa disposición.



As zonas de recadación teñen encomendada a recadación executiva das débedas correspondentes aos contribuíntes con domicilio fiscal no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. A Zona de Recadación de Vigo, que vai desaparecer, conta con catro efectivos a tempo completo e un máis a tempo parcial, que realiza tarefas informáticas en tres zonas máis. Mentres tanto, a Delegación da Atriga en Vigo, que vai asumir as funcións desa zona de recadación, dispón de seis efectivos e propónse incrementar a dotación con tres efectivos máis: unha xefatura de equipo e dúas xefaturas de negociado administrativo, encadradas estas dúas últimas na área funcional tributaria. As novas prazas propostas, dúas para o Departamento de Recadación e unha para reforzar as tarefas de notificación, xustifícanse por ter unha media de 7.218 dilixencias de constrinximento cargadas nos últimos catro anos, que xeraron 4.982 dilixencias de embargo e 13.737 notificacións.

2. Creación de dous postos de traballo nas delegacións da Atriga de Lugo e Ourense:

CENTRO DE DESTINO: DELEGACIÓN DE LUGO								
CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	TIPO POSTO	F. PRO	GRUPO	CAT./CORPO	ADS. ADMIN	IIÑA
FC.A29.10.000.27001.072	Xefatura de Unidade	26	N	C	A1	XSF1	AXG	9590
CENTRO DE DESTINO: DELEGACIÓN DE OURENSE								
CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	TIPO POSTO	F. PRO	GRUPO	CAT./CORPO	ADS. ADMIN	IIÑA
FC.A29.10.000.32001.089	Técnico/a Tributario/a Subgrupo A2	24	N	C	A2	XMF1	AXG	9591

O obxecto destas creacións é reforzar os departamentos de Xestión Tributaria nas delegacións máis escasas de persoal, que son Lugo e Ourense, con persoal cualificado para realizar funcións de análise e catalogación dixital da documentación presentada xunto coas autoliquidacións. Segundo se explica na memoria xustificativa, a revisión pormenorizada da documentación presentada de forma electrónica é máis laboriosa que a correspondente en papel e, ademais, os labores de comprobación requiren maior cualificación técnica, polo que está xustificada a creación destes dous postos.





b) Amortización de dous postos de traballo de persoal funcionario:

CENTRO DE DESTINO: DELEGACIÓN DE LUGO								
CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	TIPO POSTO	F. PRO	GRUPO	CAT./CORPO	ADS. ADMIN	LIÑA
FC.A29.10.000.27001.009	Posto Base Subgrupo A1	20	N	C	A1	XSF1	AXG	350
CENTRO DE DESTINO: DELEGACIÓN DE OURENSE								
CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	NIVEL	TIPO POSTO	F. PRO	GRUPO	CAT./CORPO	ADS. ADMIN	LIÑA
FC.A29.10.000.32001.011	Posto Base Subgrupo A2	16	N	C	A2	XMF1	AXG	353

Para cofinanciar a creación dos dous postos de traballo creados nas delegacións da Atriga en Lugo e Ourense, propónse amortizar dous postos base da escala de finanzas: un A1, nivel 20, na Delegación de Lugo e un A2, nivel 16, na Delegación de Ourense. En ningún destes dous postos foi posible a cobertura por persoal funcionario e ambos están vacantes, o primeiro deles desde o principio de 2023 e o segundo desde o 9 de outubro do mesmo ano. Esta circunstancia implica que as amortizacións non van afectar negativamente a prestación dos servizos nas respectivas delegacións.

c) Modificación de varios postos de traballo:

1. Modificación da denominación das xefaturas de negociado

Propónse que os postos coa actual denominación “xefatura de negociado” pasen a denominarse “xefatura de negociado administrativo”, en concordancia coa última modificación de RPT da Atriga, na que xa algúns deles mudaron o seu nome. Este cambio non vai afectar á ocupación actual dos postos nin ás súas características.

2. Modificacións da forma de provisión

Na memoria funcional, propónse que a Xefatura do Departamento de Planificación e Control Tributario (código FC.A20.00.001.15770.014) e a Xefatura do Departamento de Auditoría e Calidade (código FC.A20.00.005.15770.005) cambien a actual forma de provisión de concurso específico pola de libre designación. Con posterioridade, o día 10 de xuño de 2024 remítese á DXSAP unha memoria funcional complementaria na que se indica que, logo das reunións cos representantes sindicais, se renuncia á proposta de cambio da forma de provisión para a Xefatura do Departamento de Auditoría e Calidade, que seguirá sendo por concurso específico.





A modificación da forma de provisión da Xefatura do Departamento de Planificación e Control Tributaria, adscrito á Área de Inspección Tributaria, baséase no criterio 3 recollido nesta resolución, “especial responsabilidade por garantir o adecuado exercicio de autoridade e/ou inspección administrativa da Xunta de Galicia. A especial responsabilidade está en razón de ser garante do exercicio dos dereitos e deberes da cidadanía”, polo que resulta adecuado modificar a forma de provisión deste posto, pasando de concurso específico a libre designación.

### 3. Modificación do complemento específico

Proponse eliminar o complemento informático (código E29) ao posto Unidade de Apoio Administrativo, nivel 18, código FC.A29.10.000.36001.007, vacante por xubilación da persoa titular. Este posto pasará a ter o complemento específico xeral.

#### **CUARTO. Custos**

Segundo consta na memoria económica remitida, esta proposta de modificación de postos de traballo ten os seguintes custos anuais:

-Creacións: 236.083,26 €.

-Amortizacións e crédito procedente do complemento suprimido: 82.156,80 €.

Da diferenza entre estes dous apartados resulta un déficit de -153.926,46 €, que está previsto financiar co aforro xerado pola asunción das competencias das zonas de recadación ao ir diminuindo o gasto imputable a premios de cobranza na aplicación 07 A2 621A 227.08. O aforro en cómputo anual da asunción das competencias das zonas de recadación da Coruña, Lugo, Ourense e Vigo ascendería a 1.817.591,39 €, co que financiaría o déficit antes citado.

A dita memoria económica deberá de ser obxecto de valoración por parte da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública.





Por todo o anterior, desde a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, emítase **informe favorable** acerca da proposta de modificación da relación de postos de traballo da Axencia Tributaria de Galicia.

Este informe substitúe o emitido por este centro directivo sobre o mesmo asunto o 12 de xuño de 2024.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

José María Barreiro Díaz



## DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL

**Asunto:** proposta de modificación da Relación de Postos de Traballo da Axencia Tributaria de Galicia

Achégase a proposta de modificación Relación de Postos de Traballo (RPT) da Axencia Tributaria de Galicia para a súa tramitación regulamentaria nese centro directivo, acompañada da documentación que a seguir se relaciona:

1. Anexo postos creados
2. Anexo postos modificados
3. Listado de equivalencias
4. Memoria funcional
5. Memoria económica
6. Acta da reunión previa de negociación celebrada cos/coas representantes das organizacións sindicais CIG, CSI-CSIF, SEPGA, CCOO e UGT

Significar que con esta mesma data envíase a antedita documentación á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

Asinado de forma electrónica en Santiago de Compostela

A directora

